

VIERNES, 16 de marzo de 2007

REPORTAJE:PRIMAVERA DE LIBROS | LUCES

Máis competentes e menos militantes

O éxito das versións galegas de autores como Auster marcan un punto de inflexión editorial

DOLORES VILAVEDRA | 16 MAR 2007

Archivado en: Sector editorial Literatura Libros Bibliotecas Servicios información Cultura

Os libros tamén florecen tralo inverno, sobre todo conforme se achega o Día das Letras Galegas, que adoita coincidir con novos lanzamentos editoriais. Amáis da exitosa enxurrada de traducións de autores estranxeiros, préparase a inmediata saída de obras de escritores galegos consagrados como Teresa Moure ou Xurxo Borrazás.

As últimas endeitas literarias, máis ben pouco estimulantes, canxaban ben co ambiente da costa de xaneiro, nada proclive a eventos e saraos. O panorama veuse animado polas traducións, como ven sendo habitual no último ano, dende que a aposta decidida de Galaxia polos autores foráneos, e a aparición da especializada Rinoceronte Editora, marcaran un punto de inflexión. Talmente tivemos nestes meses a sensación de estar sometidos a un experimento que, a vulgar polo que anuncian as editoriais para as vindeiras semanas, validou a hipótese de que o mercado editorial galego está maduro para outorgarlle un espazo relevante nel as traducións. ¿Qué mudou dende aqueles xa lonxanos 80, cando Xerais apostara con afouteza por Salinger, Wells, Buzzati e outros na colección *Grandes do noso tempo*, unha operación pouco afortunada dende o punto de vista comercial? Moitas cousas: temos lectores máis competentes e menos militantes, máis esixentes e menos compracentes, e temos varias promocións de profesionais da tradución, daquela inexistentes e cuxa carencia suplía o entusiasmo voluntarista de moitos.

O último premio Cunqueiro, Manuel Guede, recupera a figura da Bella Otero

Camilo Franco propón un exercicio de hixiene mental pouco habitual entre nós

As novidades compensarán a enxurrada de libros sobre María Mariño

O sucedido nestes últimos meses desminte a impresión de estatismo que ás veces ofrece o mundo do libro galego e revela que posúe axentes con intuición e capaces de arriscar, o cal non deixa de ser algo positivo nunha cultura tan conservacionista.

Brooklyn follies, de Paul Auster vendeu 4.000 exemplares, que sen dúbida turrarán das vendas dunhas *Viaxes no scriptorium* que veñen acompañadas dunha serie de críticas que non lle benefician nada, pois califican o libro de endogámico ao lelo exclusivamente como un exercicio autorreferencial do propio Auster, que retoma personaxes e situacións de obras anteriores. Non fagan caso: é unha estupenda novela, narrada cun ritmo implacable e cunha economía de medios que se agradece logo do exceso de almibre de *Brooklyn follies*, e perfectamente asequible para aqueles que descoñezan o resto da súa produción. Coma Ferrín, Auster é un deses escritores que, malia

o carácter macrotectual do conxunto da súa obra, consegue que cada unha delas sexa un texto excepcional e autónomo. E estas viaxes lévannos polas eternas vereas da xustiza e da inxustiza, da lexitimación ou non da violencia, dos fins que xustifican (¿xustifican?) os medios, en fin, por asuntos de radical actualidade para enfrontarnos ao remate co espello dunha vellez posible: a nosa. E falando de Auster: con el dialoga e tras as súas pegadas

vai ILSa, a protagonista de *New York, New York*, de Inma López Silva, a cabalo entre o xogo metaliterario e o blog reconvertido en ficción (¿ou será ao revés?). Diversión asegurada, sen renunciar á vontade de estilo.

O que está a suceder co Premio de Novela Europea Casino de Santiago amosa que aínda hai marxe para a imaxinación e a innovación nunha leira tan sachada como a dos certames literarios. Xa no 2005 nos deixamos engaiolar por ese conto de fadas contemporáneo que era *Xuntos e máis nada* de Anna Gavalda, e arestora agardamos expectantes por Kazuo Ishiguro e o seu *Non me deixes nunca*, que nos chegará en galego logo de facerse co galardón no 2006.

En canto á colección *As literatas*, de Xerais, segue a súa traxectoria ascendente en calidade. A factura dos libros, moi mellorada, segue dando a impresión de que as escritoras xogan en segunda división. Desta volta temos ocasión de achegarnos en galego a dúas autoras imprescindibles do século XX: Jean Rhys e Carson McCullers, con *Ancho mar de argazo* e *A voda*, respectivamente. ¿Que poden ter en común as obras dunha escritora dominicana asentada en Inglaterra, e unha estadounidense do sur rescatada por Nova Iorque do conservadurismo da súa Xeorxia natal? Para empezar, a singularidade das súas voces, o afán de rachar cos binarismos (raciais, sexuais, económicos...) que nos aferrollan, e a convicción de que a literatura é unha ferramenta axeitada para facelo. A partir de aí, cada unha delas pescuda no seu mundo literario, ambos igualmente exóticos para nós, e conseguen que nos recoñezamos nos medos, frustracións e incertezas dos seus personaxes.

Tamén o teatro gaña terreo na traducción. E agora que chega o tempo delas, os libros ensarillanse como cereixas: Xerais fíxonos chegar na última endeita *O que ocorreu despois de que Nora abandonara o seu home ou os piares das sociedades*, unha obra na que Elfried Jelinek, premio Nobel en 2004, imaxina unha posible continuación da *Casa de bonecas* de Ibsen, que moito nos tardaba e que chegará nos vindeiros días ás librerías xunto co último Premio Cunqueiro, *O caso Otero* de Manuel Guede. Este recupera unha vez máis a figura da Bella Otero, nun texto que non precisa para nada do rebumbio que o acompañou cando se fixo público que, tras o pseudónimo de Claudia Grandal con que concursaba, estaba un escritor que fora director do Centro Dramático Galego. *O caso Otero* debe ser presentada como a obra dun excelente dramaturgo, e nada máis: non hai tantos neste país como para que nos podamos permitir agochalos tras falsas polémicas.

Entre os escritores galegos agardamos polos *32 dentes* de Xavier López, finalista do Torrente Ballester 2006. *Dragona* de Xavier Queipo sabe un pouco reseso, malia o indubidable atractivo dos seus personaxes e dun alento universalista e antienxebrista moi de agradecer, igual có esforzo estilístico do autor, aínda que se vexa deslucido por certas reiteracións léxicas. Camilo Franco proponos en *Palabras contadas* un exercicio de hixiene mental pouco habitual entre nós, e que compensa o clasicismo narrativo de *Os pecados capitais* de Francisco A. Vidal, Premio Terra de Melide 2005, unha novela moi ben resolta, sen alardes pero desas que fan lectores, neste caso coa sucesión de monólogos dos personaxes que a agonía dun narcotraficante convoca arredor do seu leito de morte; por certo, que Xerais anuncia para xa o gañador do 2006, *Os paxaros tamén migran ao sul* de Silverio Cerradelo.

Das novidades últimas de poesía que nos achega Espiral Maior quédome coa madurez de Xavier Seoane en *Para unha luz ausente*, un exercicio de vitalismo que se esforza en compensar o pulo da saudade polo que sí se deixa arrastrar sen complexos Martín Veiga en *Fundaxes*, aínda que a densidade do seu imaxinario nos rescata dunha lectura excesivamente sentimental. Seoane resultou gañador da XIV edición do Premio Espiral Maior, aberto por vez primeira a textos en galego e portugués, e chega a nós ao tempo có finalista *Livro de estimacao* de Jorge Reis-Sá. Oxalá a iniciativa deste galardón bilingüe se consolide porque eses son os camiños posibles polos que as culturas galega e portuguesa

poden chegar a atoparse. Que non pase coma cos finados premios Eixo Atlántico, dos que nunca máis se soubo.

Pero, sobre todo, para combater alerxias, depresións e outros males primaverais, déixense convocar polo *Shakespeare mata o porco cunha rosa* de Ramón Reboiras, onde ecoan Outeiriño e aqueles provocadores Ronseltz (¡botámosvos de menos!) e onde a ironía, os xogos de palabras e a autoparodia se alían en eficazísima receita para evitar que nos tomemos demasiado en serio a nós mesmos, como individuos e como sociedade.